

Convocatoria de prazas para a realización da FCT no estranxeiro de 01/10/2019 a 18/12/2019 (Modalidade A)

A Orde do 24 de maio de 2005 pola que se regula o desenvolvemento de estadias formativas en empresas ou institucións situadas fóra do Estado español destinadas ao alumnado que cursa ensinanzas non universitarias en centros autorizados da Comunidade Autónoma de Galicia, así como o desenvolvemento de estadias de formación práctica en empresas ou institucións situadas en Galicia, destinadas ao alumnado procedente doutros estados ten por obxecto regular o desenvolvemento das estadias formativas en centros de traballo situados fóra do territorio español do alumnado matriculado en ensinanzas non universitarias de nivel secundario e postsecundaria polo réxime ordinario ou para persoas adultas, autorizadas pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

Está dirixida ao alumnado maior de 18 anos, ou menor con autorización dos pais ou tutores.

A posibilidades de estadias formativas son:

Modalidade A: Estadias formativas realizadas en centros de traballo situados fóra do Estado español para o desenvolvemento parcial ou total do módulo de formación en centros de traballo, das ensinanzas de ciclos formativos de grao medio ou superior de formación profesional específica, de artes plásticas e deseño, estudos superiores de restauración e conservación de bens culturais, programas de garantía social ou de iniciación profesional

Modalidade B: Estadias formativas realizadas en centros de traballo situados fóra do Estado español, como parte práctica complementaria do currículo oficial, dirixidas a alumnado de ensinanzas non universitarias distintas das recollidas na modalidade A.

Modalidade C: Estadias formativas en centros de traballo da Comunidade Autónoma de Galicia realizadas por alumnado estranxeiro que se acolla a algún programa, axuda ou iniciativa en materia educativa, no marco dos acordos subscritos por centros educativos, autorizados pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, e empresas ou institucións da Comunidade Autónoma de Galicia. (Neste caso do CIFP Compostela realiza mobilidades dentro dos Programas Erasmus+).

Obxecto da convocatoria

Selección de alumnado de Formación Profesional do CIFP COMPOSTELA para a realización da FCT no estranxeiro (**Modalidade A**)

Destinatarios

Alumnado en **OFERTA MODULAR**, matriculado no CIFP Compostela, en calquera Ciclo Formativo, que vaia a realizar o módulo de Formación en Centros de Traballo (FCT) no curso 2019-2020 e estea interesado en realizala en empresas fóra do Estado español..

Requisitos para participar na selección

- Ter dezaoto anos cumpridos antes da data de inicio da estadia que se pretenda realizar. No caso de non cumprir este requisito, só se poderá realizar a estadia con autorización asinada por escrito dos pais ou tutores legais autorizados.
- Estar matriculado nalgunha ensinanza non universitaria autorizada pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, entre as indicadas no artigo 3º da orde de 24 de maio de 2005¹. [O CIFP Compostela oferta nesta convocatoria prazas para o ZM de Servizos en Restauración, ZM de Cociña e Gastronomía, ZS de Dirección de Servizos de Restauración e ZS de Dirección de Cociña.](#)
- Estar suxeito a un acordo específico de colaboración (O CIFP COMPOSTELA asinará un acordo específico de colaboración para cada centro de traballo e para cada ensinanza).

Ademais será necesario para unha correcta realización da FCT:

- Posuír un coñecemento suficiente do idioma en que se recibirá a formación no país de acollida ou en inglés (lingua vehicular de UE). Para iso realizarase unha proba de nivel lingüístico oral e escrito² en caso de non presentar a titulación oficial mínima requirida.
- Presentar a solicitude e documentación solicitada dentro do prazo previsto.

¹Ensinanzas de ciclos formativos de grao medio ou superior de formación profesional específica, de artes plásticas e deseño, estudos superiores de restauración e conservación de bens culturais, programas de garantía social ou de iniciación profesional (actual F.P Básica)

² Valoraranse os coñecementos do idioma de país de destino, mediante achega da certificación oficial correspondente (mínimo B1 ou equivalente. B1: 1 punto, B2: 2 puntos, C1 ou más: 3 puntos). En caso de non ter ningunha certificación das anteriormente citadas valoraranse coñecementos de inglés (como lingua habitual no entorno europeo), mediante achega da certificación correspondente , B1: 1 punto, B2: 2 puntos, C1 ou más: 3 puntos ou proba

Contía da bolsa

A contía da bolsa e posible concesión da mesma ven establecida pola orde vixente da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional pola que se convocan axudas económicas para o alumnado que realiza formación práctica en centros de traballo.

Período de estancia

A módulo da FCT ten establecido un período de formación de 410 horas para os Ciclos Medios e de 384 horas no caso dos Ciclos Superiores.

Motivos de baixa

Poderase dar de baixa no acordo para a realización da estadia programada calquera alumno que incorra nos seguintes supostos:

- Absentismo continuado sen xustificar, de acordo coa normativa reguladora da avaliación en cada ensinanza
- Actitude incorrecta ou falta de aproveitamento, con audiencia previa ao interesado

País e empresa de destino

O equipo docente e o titor/a, xunto coa coordinadora de Programas Internacionais, de acordo co propio beneficiario determinarán o país e a empresa de destino, e a súa pertinencia.

Nº mobilidades	País de destino	Ciclo formativo
1	Reino Unido	Z.M. Cociña e gastronomía.
1	Reino Unido	Z.M. Servizos en restauración.
1	Reino Unido	ZS Dirección de Cociña.
1	Reino Unido	ZS Dirección de Servizos.

Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes é do **10 de maio ao 27 de maio de 2019**.

Farase unha reunión informativa o xoves conxunta cos interesados nas Bolsas Erasmus+ os días 9 de maio de 2019 ás 19.00 horas na "Sala de reunións" aula "Parlamento".

Documentos necesarios para participar no proceso de selección

- Solicitud de participación (recoller na conserxaría do CIFP Compostela ou consultar na web do centro), copia de DNI ou equivalente e certificado de idioma se fose o caso.
- A solicitud débese entregar na secretaría do CIFP Compostela, dentro do prazo establecido.

Criterios de selección e valoración dos candidatos

Para a valoración das solicitudes e a adxudicación das becas, o alumnado pasará un proceso de selección no que se valorará:

Puntuación para acceso a beca			% TOTAL	Media	NOTA
1	Expediente académico (1)	Mínimo media de 6,00	40 %		
2	Coñecemento de idiomas (2)	Mínimo nivel recomendable, equivalente a B1 (Proba de Inglés / Certificación oficial)	30 %		
3	Grao de comunicación, autonomía persoal, responsabilidade, madurez e motivación. Mínimo 5,00 puntos. (3)		30 %		
TOTAL Puntuación			100 %		

(1)- Baremarase unicamente aquel alumnado que teña superados todos os módulos.

(2)- Valoración efectuada polo departamento de linguas estranxeiras.

(3)- Valoración efectuada polo equipo docente do alumno/a.

Unha vez valoradas todas as solicitudes publicaranse a resolución no taboleiro de anuncios e na páxina web do centro, www.cifpcompostela.edu.es. Contra esta resolución os interesados poderán presentar unha solicitud de revisión, ante a Dirección do Centro, no prazo de 10 días lectivos contados a partires da data de publicación.